

DEFENDER O NOSO SER COLECTIVO

Manuel Herminio Iglesias

Resulta difícil entender o presente sen coñecer o pasado. Resulta moito máis comprensible coñecer as razóns que moven moitas actuacións políticas cando sabemos a historia de quen as promove. Canto se aproxima a data das Letras Galegas tiro da memoria e busco a comparación para, en certa medida, tratar de intuír o futuro da nosa identidade colectiva representada no legado da fala. E lembro cando, nos anos posteriores a morte do ditador Franco, saíamos á rúa con mesas vendendo libros en galego. Reivindicabamos o dereito a que, o noso idioma, se incluíra nos plans de estudos e se potenciara en todos os aspectos da vida colectiva. Así foi durante moitos anos. E paso a paso o galego foise implantando nos colexios como algo novidoso e necesario. As diferentes leis do parlamento galego foron motivo dun consenso e endexamais houbo problemas por falar un idioma ou outro en Galiza. Pero algo se fixo mal e, co relaxamento, apareceu a reacción que agora está en marcha presidida polo presidente Feijóo. A autonomía que naceu para defender a cultura do país, as institucións propias de Galiza creadas para ser garantes da fala, agora son as que lle poñen trabas a normalidade do idioma e renuncian a súa potenciación baixo excusas de marxinar ao castelán.

Os dirixentes políticos da dereita, pensemos na UCD e logo os populares coas súas baronías, endexamais puxeron obstáculo cara o camiño da normalización até certos límites do galego. Pero a medida que en Xénova se foron impondo directrices políticas reaccionarias, os populares das nacionalidades históricas foron perdendo o selo galeguista e apareceron as normas regresivas contra o idioma de Rosalía.

Claro que, na campaña electoral das autonómicas, apareceu baixo o nome de Galicia Bilingüe a man dun PP antigalego e comezaron os ataques ao idioma. E agora estamos asistindo ao ataque máis severo que, despois do franquismo, sufriu o noso o galego. Galicia Bilingüe, a organización montaxe, lanzou ao vento a existencia dun conflito inexistente. Pois intentou facer ver que nesta comunidade non había liberdade de idioma. Grande mentira que ocultaba unha seria estratexia contra a nosa fala.

Durante o franquismo, creo que polos sesenta, naceu o día das Letras Galegas como día de reivindicación da nosa cultura representada polo idioma. E fíxose sen axuda institucional; fíxose coa forza da palabra e co esforzo e o sacrificio de moitos galegos que se negaban a ser despersoalizados e a ser ninguneados polo mero feito de falar e de escribir no idioma nativo.

Pois ben, teremos que volver a darlle ao día das letras a visión inicial que tivo no seu inicio, sabedores de que estamos en tempos de regresión. Estamos volvendo a palpar que ser galego nesta España cada día que pasa é un chisco máis difícil. Digo que ser galego non debía implicar non ser español, pero sempre que ser o segundo nunca impedira preservar e potenciar o primeiro, ou sexa: ser e exercer de galego. Pero as cousas non son así desgraciadamente.

En fin, si no ano de 1976 xa saíamos á rúa a pedir que o galego tiña que estar nas escolas e ser oficial en Galiza xunto ao castelán, agora temos que saír o 17 de maio a dicir que **Queremos Galego**; que queremos que o noso idioma estea nas escolas en pe de igualdade co idioma de Cervantes. Saímos a rúa para dicir que o galego ten futuro pois é unha ferramenta precisa para nós e para entender o mundo da lusofonía. E iso é algo moi importante. Saímos a rúa para dicir que temos dereitos a defender o legado colectivo máis prezado que recibimos dos nosos maiores e que é para nós motivo de orgullo facelo, pois o día que perdamos o idioma, xa non seremos galegos. Seremos outra cousa moi distinta.

Dixen ao principio do comentario que, resulta difícil entender o presente sen coñecer o pasado. E o pasado da nosa historia colectiva sempre foi triste e gris; sempre estivo cargado de frustracións. Teñámolo en conta e valoremos o noso patrimonio colectivo. Pois si non o facemos estaremos perdendo parte do noso ser como pobo e iso é algo do que nos laiaremos no futuro.